

TAMARIT SUMALLA, J. (Coord.), *Víctimas olvidadas*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2010, 260 pp.

En “*Víctimas olvidadas*”, TAMARIT SUMALLA coordina un grupo interdisciplinar de expertos vencellados co mundo da victimoloxía. De feito, a publicación é froito das ponencias presentadas no III Congreso español de victimoloxía celebrado en Madrid o 12 e 13 de novembro de 2009, e organizado pola Sociedade científica española de victimoloxía.

A obra está estruturada en cinco capítulos, alén dunha introdución ao cargo do coordinador. Á súa vez, cada capítulo está composto por un ou varios epígrafes, a cargo todos eles, de distintos profesionais e académicos do sector temático en cuestión.

Concretamente, a publicación centra a súa análise nas vítimas que por seren o suxeito pasivo dunha acción delictual moi determinada, as súas demandas e necesidades son xeralmente descoñecidas polo conxunto da sociedade. Son as vítimas, como reza o título do libro, esquecidas. Cómpre polo tanto, detectar aqueles mecanismos que xeran ou reproducen o esquecemento e segregación social dalgúns colectivos de risco.

Así, unha vez anticipada no seu limiar a idea central da obra, ao longo do texto vanse debullando diversos supostos de vitimización, nomeadamente migrantes, persoas anciás, menores en conflitos armados, etc.

Comezando polo primeiro dos capítulos, en “*Presencia y apariencia de la víctima*”, BACA BALDOMERO salienta o xurdimento da victimoloxía como reacción fronte a case total consagración das investigacións criminolóxicas cara aos factores causais das condutas agresivas e as características dos vitimarios.

Esta fase inicial da disciplina derivou nun maior interese por coñecer as consecuencias que na saúde mental das vítimas produce o feito delictivo. Co desenvolvemento posterior, acuñouse o termo “vitimización”. Durante esta primeira etapa, a victimoloxía centrou o seu interese naqueles supostos nos que a situación traumática desencadeante xurdía de situacións tales como a guerra, as grandes catástrofes...

Alén o xa sinalado, o autor salienta entre os items que forman parte do seu texto, a tendencia xeneralizada a mitificar á vítima mediante a atribución a esta dunha serie de características inherentes. Así, a vítima perfecta debe ser completamente consciente da súa condición, das súas emocións e sentimentos; debe ser racional nas súas apreciacións e incapaz de superar o feito traumático, isto é, debe vivir mergullada no drama e na obsesión de ser indemnizada, e de que o vitimario sexa castigado; finalmente ha de manter unha actitude de total disposición a superar a situación traumática.

Porén, BACA BALDOMERO sinala que tal vítima non existe na realidade, e xa que logo, nos procesos de vitimización non nos atoparemos con “vítimas ideais”, senón con persoas normais que non dispoñen dos medios psicolóxicos e sociais para facer fronte a situación traumática vivida.

No que atinxe ao segundo capítulo que leva por título, “*Migrantes*”, e máis en particular en relación á “*Vitimización de migrantes*”, BRANDARIZ GARCÍA sinala que o noso sistema penal dista moito de ter sabido dar unha resposta axeitada á vitimización

deste colectivo. Na liña apuntada polo autor, resulta esclarecedora a investigación encargada en 2004 polo Consello Xeral do Poder Xudicial, verbo do trato dispensado polo sistema penal aos migrantes nos casos en que son denunciados, e naqueles en que son acusados. O panorama resultante resulta descorazonador, por un lado, porque o devandito sistema amósase máis eficiente na persecución dos feitos cando o migrante é imputado que cando é vítima, e polo outro, porque dos datos se desprende a idea de que o proceso penal xera taxas moito máis elevadas de condea cando o migrante é o acusado que cando é a vítima do delito.

En idéntico sentido, no segundo epígrafe deste mesmo capítulo, “*Víctimas alienígenas. El inmigrante como personaje conceptual*”, DELGADO RUÍZ, salienta a figura do inmigrante como vítima de todo tipo de condutas abusivas, dende as máis elementais, (despreco, inferiorización, etc.) ata agresións e outras infraccións graves contempladas na Lei. E é que, para o autor o inmigrante asume na nosa sociedade o papel non só de garante da renovación demográfica ou da man de obra barata, senón tamén de “*artefacto simbólico-conceptual*”. Esta noción permite explicar o motivo polo que o rol obxectivo da inmigración relativo ás demandas do mercado laboral e da cuestión demográfica ten tan pouca acollida, recibe tan escasa relevancia pública, en comparación coa que obteñen outros argumentos de signo contrario nos medios de comunicación.

En relación ao capítulo terceiro que recibe por título “*Victimizaciones, olvidos e invisibilidades*”, destacamos o epígrafe de ACALE SÁNCHEZ, que se detén a analizar a habitualmente postergada, “*Victimización de ancianos*”.

Tradicionalmente a atención da “terceira idade” recaía na familia, ao abeiro da regulación da prestación de alimentos entre parentes consagrada nos artigos 142 e seguintes do Código Civil. Porén, o envellecemento poboacional está a provocar a xeneralización da demanda de coidado das persoas maiores por parte dos poderes públicos.

Nos procesos de vitimización de anciáns inflúen factores tales como, a percepción que da vellez se ten nas sociedades post-modernas, a relación de dependencia co seu maltratador, ou que a violencia sexa exercida dentro do propio ámbito familiar. Todas estas circunstancias dificultan non só a posibilidade de denuncia, senón tamén a proba dentro do proceso. Por todo isto, e polo escaso apoio que reciben da sociedade en xeral, a pouca visibilidade que ten para a opinión pública a vida destas persoas, etc., adóitase falar dos anciáns como as “vítimas silenciosas”.

O seguinte epígrafe do capítulo, a cargo de RAMÍREZ BARBOSA, recibe por título “*El reclutamiento de menores en el marco del conflicto armado colombiano: aspectos claves de la problemática*”. No texto realízase unha precisa disección sobre a anulación dos dereitos fundamentais dos menores cando se lles obriga a participar en conflitos armados. Certamente, malia que o recrutamento adoita clasificarse en tres clases: obrigatorio, voluntario e forzoso, ao abeiro da lexislación colombiana e internacional, toda forma de recrutamento de menores de 18 anos elimina a posibilidade de xustificación ou exculpación da conduta criminal, dado que o consentimento do menor recrutado é nulo e xa que logo, carente de validez.

Para a autora, a revitimización dos menores recrutados e a cifra negra de criminalidade, son características correntes da criminalidade derivada do narcotráfico, a guerrilla, etc.,

por isto, resulta fundamental reforzar non só a investigación e castigo dos responsábeis, senón tamén a prevención e medidas de resocialización dos menores que son vítimas deste tipo de crimes.

Finaliza o capítulo co epígrafe sobre “*La vida cotidiana de las víctimas de violencia sexual: la cara invisible de la victimización*” de EVA KAPPLER. Da análise da autora despréndese que a vitimización por esta clase de delitos, adoita xerar na vítima un sentimento a medio camiño entre a culpa e a vergoña silenciado polo tabú social. Por isto mesmo, pola opacidade da devandita vitimización, dificultase que a problemática suscite a atención do conxunto da sociedade e do mundo científico. Así, a falta de visibilidade dos síntomas da violencia sexual xera no sistema problemas na xestión legal da situación tanto de vítimas como de agresores.

Con respecto ao capítulo cuarto, “*Asistencia*”, VILLACAMPA ESTIARTE, sinala no epígrafe, “*La asistencia a las víctimas del delito: debate sobre los modelos de intervención*”, que a moderna victimoloxía sitúa o seu foco de interese máis no proceso de desvitimización que no de vitimización. Así, na actualidade, a asistencia á vítima goza dun protagonismo incuestionábel que non se cingue unicamente á reparación ou á indemnización económica, senón que estende o seu ámbito de actuación a campos tales como o recoñecemento social, a prevención da revitimización, etc.

Froito do citado protagonismo, alén doutros factores, xurdiron as organizacións e institucións de asistencia ás vítimas. A autora diferenza no seu estudo dúas tipoloxías en relación aos arquetipos de asistencia ás vítimas, nomeadamente o modelo público e o privado. En opinión de VILLACAMPA ESTIARTE, se ben é certo que os modelos de xestión privada son os que aparecen mellor valorados segundo a bibliografía empregada na súa análise, tamén o é, que o mellor servizo á vítima non só debe obedecer á idea de *continuum*, senón que debe representar fundamentalmente unha prestación de calidade. Polo mesmo, a busca dese marco de calidade probabelmente conduza a adopción de sistemas mixtos, nos que o servizo sexa prestado por oficinas privadas, e o control de calidade prestacional e parte do financiamento, sexa de orixe pública.

No seguinte epígrafe do mesmo capítulo, ECHEBURÚA analiza a “*Asistencia psicológica a víctimas de sucesos traumáticos: ¿cuándo es necesario el tratamiento?*”

Para o autor, existen numerosas diferenzas entre as persoas á hora de sufrir e de superar un feito traumático. Como lugar común podemos comezar por sinalar que polo xeral, o dano intencional ten unha pegada psicolóxica moito máis relevante na vítima que as accións non deliberadas: accidentes, catástrofes, etc. O medo intenso, a sensación de inseguridade, ou o bloqueo afectivo, son algunhas das reaccións emocionais que habitualmente se producen nas vítimas. Porén para ECHEBURÚA, a reacción da vítima, dependerá en moi boa medida de variábeis obxectivas referidas aos estresores externos, da avaliación cognitiva da propia vítima en relación cos seus propios recursos psicolóxicos, e da proximidade temporal do acontecemento traumático.

O capítulo quinto, relativo á “*Mediación*”, iníciase co epígrafe “*El presente y el futuro de la mediación entre autor y víctima en España*”, a cargo de BARONA VILAR.

Que a mediación penal se acha intimamente vencellada aos movementos que reivindicán o papel da vítima nos sistemas de xustiza penal, queda na actualidade, fóra de toda dúbida.

A tese da autora, sitúase na concepción de que a mediación penal é de por si, unha institución que require a adaptación ao modelo de xustiza penal español, e xa que logo, será preciso reformular diversos aspectos do noso propio sistema para darlle acubillo legal. Salienta singularmente no seu estudo, factores de especial interese como poden ser a necesaria diferenciación das diversas clases de mediación (directa, indirecta, pre-procesual, intra-procesual e post-sententiam), as distintas normas habilitantes que permiten a incorporación da mediación penal ao ordenamento xurídico español, etc.

No segundo e último epígrafe do capítulo V, “*Taller: Reflexiones sobre los programas de mediación ejecutados actualmente en España*”, GUARDIOLA LAGO disecciona os diversos proxectos de mediación que se están a desenvolver no conxunto do Estado español, destacando os desafíos e problemas que a praxe da mediación suscita, así como as posíbeis propostas de mellora dos mesmos.

Segundo a autora, para dar cumprida satisfacción aos ideais restaurativos, precísase unha lexislación que recoñeza a mediación e os posíbeis efectos xurídicos da mesma; unha maior interrelación entre os diferentes actores xurídicos e os servizos de mediación; unha mellor difusión e información a Xuíces, Fiscais, Avogados, etc.; a creación de programas de mediación naqueles territorios onde aínda non existen, e finalmente, un compromiso de financiamento estábel e acaído que asegure, non só a continuidade dos proxectos, senón tamén a calidade do servizo ofrecido.

En conclusión, en “*Víctimas olvidadas*”, conxúganse os aspectos máis teóricos xunto coas experiencias máis novidasas que se están a producir na actualidade no eido da asistencia ás vítimas de ilícitos penais. Ficamos pois, perante unha obra imprescindible á hora de actualizar coñecementos en ámbitos tales como a vitimoloxía, mediación penal, etc.

Cristina Alonso Salgado
Bolsaira FPI Área de Dereito Procesual
Universidade de Santiago de Compostela